

IGADIPaper é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade".

ELECCIÓN PRESIDENCIAIS NA ARXENTINA

Vitoria esperada de Cristina K

- a) **Introdución**
- b) **As claves da reelección**
- c) **Nova etapa para o “kirchnerismo”**
- d) **2015: esperando a Macri?**

a) *Introdución*

O próximo domingo 23 de outubro celebraranse comicios presidenciais en Arxentina. As enquisas practicamente amosan un consenso sobre a eventual reelección da actual presidenta **Cristina Fernández de Kirchner**, quen gobernaría así nun segundo período presidencial, 2011-2015. A única incógnita electoral céntrase en coñecer se a anunciada vitoria de Cristina K se realizará con maioría absoluta, evitando a celebración dunha segunda volta electoral prevista para o próximo 20 de novembro.

Segundo a lei electoral arxentina, a candidatura vencedora obtería a presidencia na primeira volta en caso de alcanzar un mínimo do 45% dos votos ou ben un 40% pero cunha vantaxe de dez puntos porcentuais con respecto ao seu rival máis inmediato. As enquisas favorecen comodamente á presidenta Cristina K, con aproximadamente 50-53% da intención de voto, seguida

b) *As claves da reelección*

A presidenta arxentina Cristina Fernández de Kirchner camiña decididamente cara un segundo período presidencial na Casa Rosada. A práctica totalidade das enquisas e consultoras de opinión lle outorgan un promedio do 52-53% da intención de voto nas eleccións presidenciais do próximo domingo 23 de outubro, un factor que certificaría a súa maioría absoluta en primeira volta.

Durante este mes de outubro, as principais enquisadoras arxentinas (OPSM, Poliarquía, Consultora eQuis, Aresco, Giacobbe&Asociados, CEOP e Management&Fit), manteñen o consenso sobre a preferencia electoral de Cristina K, con índices que van dende o 49,1% ata o 53,3%. As claves desta reelección de Cristina K semellan centrarse na súa sólida popularidade, en especial tras a morte do seu esposo e ex presidente **Néstor Kirchner** precisamente hai un ano, xa que cumprírase o cabodano o próximo 27 de outubro, catro días despois da elección presidencial. Como herdeira do “kirchnerismo”, Cristina K logrou manter con habilidade os importantes apoios políticos na ala esquerdista do peronismo e nas clases populares,

do candidato socialista e actual gobernador da provincia de Santa Fe, **Hermes Binner**, cun 40% de intención de voto.

Se ben un segundo período presidencial de Cristina K consolidaría a hexemonía do “kirchnerismo” na política arxentina, o mapa político nacional seguiría igualmente atomizado, con elevadas expectativas en torno ao próximo período governamental e os comicios presidenciais de 2015. Moitos especulan co posible ascenso político do candidato de centrodereita **Mauricio Macri**, actual gobernador da provincia de Bos Aires e que non participará nas eleccións deste próximo domingo coa intención de consolidar a nivel nacional o seu movemento Proposta Republicana (PRO). Acérrimo opositor do “kirchnerismo”, Macri espera erixirse como a alternativa política clave para confrontar politicamente coa presidenta Cristina K no período 2011-2015.

xunto a outros factores como unha notable xestión económica, que permite á Arxentina manter sólidos niveis de crecemento, e diversos programas sociais que benefician ás clases populares.

Cristina K concorre ás eleccións baixo a fórmula electoral Fronte para a Vitoria (FpV), que a levou á presidencia nos anteriores comicios de 2007. Nesta ocasión, o seu compañeiro de fórmula electoral é o ministro de Economía, **Amado Boudou**, con quen espera concretar un tándem político sólido para o próximo período governamental 2011-2015, evitando así as fendas presentadas con anteriores ex vicepresidentes na Casa Rosada.

Dun total de 14 candidaturas presidenciais, o principal rival electoral de Cristina K é o gobernador da provincia de Santa Fe, Hermes Binner, quen lidera o Fronte Amplio Progresista (FAP), unha coalición de centoesquerda na que se inclúen o Partido Socialista e outras agrupacións de corte socialdemócrata e progresista. A única incógnita electoral cífrase en considerar se Binner logrará evitar unha aparentemente incontestable vitoria de Cristina K por maioría absoluta, forzando a unha segunda

rolda electoral a finais de novembro na que espera materializar outros apoios políticos e electorais.

Segundo as enquisas, o resto dos candidatos presidenciais aparentemente posúen escasas posibilidades de confrontar con forza a Cristina K e Binner. Son os casos da Unión para o Desenvolvemento Social (UDS), liderada polo deputado da dereitista Unión Cívica Radical (UCR), **Ricardo Alfonsín**, fillo do falecido ex presidente **Raúl Alfonsín**. Outra é a centreesquerda Coalición Cívica (CC) liderada

c) Nova etapa para o “kirchnerismo”

A eventual vitoria electoral de Cristina K certificará a hexemonía política e electoral do “kirchnerismo” (no poder desde 2003) como a principal variante esquerdista dentro da ampla plataforma de partidos e movementos peronistas. Cos seus diversos matices ideolóxicos e políticos, o peronismo ven gobernando na Arxentina desde 1989, salvo o breve período gobernado pola centrodereita UCR entre 1999 e 2001, co ex presidente **Fernando de la Rúa**, e que levou á crise económica e social do tristemente célebre “corralito”.

A pesar de erixirse como a sucesora do proxecto político iniciado en 2003 polo seu falecido marido e ex presidente Néstor Kirchner, Cristina K logrou nos últimos tempos impoñer o seu selo político persoal, afirmando un liderado que lle permite alcanzar importantes cotas de popularidade e unha maior empatía social. Un factor que explica a actual consolidación de Cristina K dentro do “kirchnerismo” relaciónase coa súa capacidade para superar a derrota da FpV nas eleccións das provincias de Bos Aires e Santa Fe en xullo pasado, e que concretaron a aparición dunha nova figura para a oposición política arxentina, neste caso nas mans do centrodereitista **Mauricio Macri** como gobernador da Provincia de Bos Aires.

Tras este revés electoral, Cristina K logrou manter a súa hexemonía obtendo unha contundente vitoria como candidata da FpV nas eleccións primarias de agosto pasado. Fortalecida politicamente, a atomización e división dunha oposición política que acude electoralmente fragmentada constitúe

por **Elisa Carrió**, unha relevante figura no panorama político arxentino.

Finalmente están a Unión Popular (UP) do ex presidente peronista **Eduardo Duhalde**, o Compromiso Federal (CF) do tamén ex presidente e peronista **Alberto Rodríguez Saá**, e o candidato da Fronte de Esquerda e dos Traballadores (FIT), **Jorge Altamira**. Todas estas candidaturas presidenciais se lexitimaron a través dun proceso de eleccións primarias realizado por vez primeira na historia electoral arxentina o pasado 14 de agosto.

igualmente un factor político que beneficia aínda máis a candidatura de Cristina K.

Un novo mandato presidencial do “kirchnerismo” baixo Cristina K no período 2011-2015 moi probablemente derivará nunha maior intervención estatal na economía arxentina, un escenario que pode provocar friccións cos investidores e organismos financeiros internacionais. Non obstante, e en momentos de crise económica internacional onde se cuestiona a viabilidade dun modelo de capitalismo especulativo e financeiro que tanto afectou no pasado recente á Arxentina, a intervención estatal na economía serviu tanto a Néstor como a Cristina K para manter un notable crecemento económico nacional, así como para ampliar unha serie de programas sociais cara as clases populares que fortalecen a súa popularidade.

Resta por observar cal será a relación de Cristina K cos actores hemisféricos, en especial con EE.UU, neste segundo período presidencial. Descóntase que solidificará a relación de Bos Aires cos procesos de integración rexional, en especial cara a Unión de Nacións Sudamericanas, UNASUR (da que o seu esposo Néstor foi secretario xeral ata a súa morte en 2010) e a Alianza Bolivariana para os Pobos da Nosa América (ALBA), en especial pola súa excelente relación co seu impulsor, o presidente venezolano **Hugo Chávez**. Igualmente estratéxica será a relación con Brasil, tendo en conta os importantes lazos económicos de integración entre Bos Aires e Brasilia, que poden ampliarse ante a empatía de xénero presentada pola presenza de dúas mulleres de esquerda na presidencia de ambos países, no caso brasileiro coa mandataria **Dilma Rousseff**.

d) 2015: esperando a Macri?

Descontada a vitoria presidencial de Cristina K, na oposición todas as cartas políticas e electorais semellan cifrarse no hipotético ascenso de Mauricio Macri e a súa plataforma política, a Proposta Republicana (PRO), como alternativa política da oposición contra Cristina K e o “kirchnerismo”.

Tras ser reelixido como gobernador da Provincia de Bos Aires en xullo pasado, derrotando ao candidato “kirchnerista” **Daniel Filmus**, Macri anunciou a súa intención de non presentarse aos comicios presidenciais do próximo 23 de outubro coa finalidade de consolidar ao PRO como un movemento político a nivel nacional. Por tanto, Macri ven realizando unha ampla mobilización a nivel nacional e, incluso, exterior, coa vista obviamente colocada nos comicios presidenciais de 2015, onde todas as variables anuncian que se presentará como candidato presidencial.

Publicamente coñecido por ter presidido o popular equipo de fútbol Club Atlético Boca Juniors e desde 2007 como gobernador da Provincia de Bos Aires, Macri tenta agora unificar ao seu favor unha oposición atomizada e dividida, incluso xogando as súas cartas políticas dentro do propio escenario peronista disidente co “kirchnerismo”. Macri impulsa actualmente unha especie de pre-campaña electoral nas rexións e provincias arxentinas, a fin de atraer o apoio de diversos gobernadores peronistas disidentes, moitos deles opostos á preponderancia política outorgada polo

ex presidente Néstor e a actual mandataria Cristina K á corrente xuvenil “La Campora”, fundada en 2003 e tradicional escola e bastion militante de apoio para o “kirchnerismo” dentro da mocidade peronista. Estes disidentes acusan ao “kirchnerismo” de presuntamente orquestrar unha rede de favoritismo polıtico e corrupcion.

Considerar o “factor Macri” como alternativa opositora ao “kirchnerismo” para os comicios presidenciais de 2015 constitue na actualidade unha incognita dentro do incerto mapa polıtico arxentino, aıda que a sua figura aparece como unha variable non menos insignificante. Todo dependera da xestion governamental de Cristina K no seu segundo perıodo presidencial e da capacidade de Macri para aglutinar unha oposicion atomizada e electoralmente derrotada.

Paralelamente, o “kirchnerismo” debera ponderar nos proximos tempos cal sera a sua candidatura presidencial para o 2015, un aspecto que pode concentrar a atencion e enerxıa polıtica da presidenta Cristina K a medio e longo prazo. Constitucionalmente, Cristina K non pode presentarse para outro perıodo presidencial alen do 2015, mentres diversos senadores e deputados “kirchneristas” xa aseguraron que non esta prevista a posibilidade de instar unha reforma constitucional durante o proximo perıodo legislativo, que eventualmente lle permita a actual presidenta arxentina presentarse a outras eleccions.

IGADI, 19 de outubro de 2011